

A LÓXICA DO RACISMO LINGÜÍSTICO. A SÚA FUNCIONALIDADE

María Pilar García Negro

Universidade da Coruña

Falamos a mantenta de racismo lingüístico, por nos referir sen paliativos á estratexia de exclusión da lingua galega, sobre a base do imperio da lingua oficial do Estado, o español, isto é, o imperio da globalización a escala española, que, submisos perante o inglés como lingua do Amo Universal, quer exercer o seu dominio monocrático sobre as linguas *inferiores*, as que *sobran* no panorama uniformista e uniformizador: o galego, o basco, o catalán. Vella estratexia –a eliminación da diferenza ínsita á propia especie humana– posta en práctica noutras áreas de dominación, léase mulleres (a respecto do humano, definido sobre o home-varón), léase negros (verbo do branco colonizador), léase inmigrantes (a respecto do burgués europeu acomodado)... Como nestes grupos sociais, tamén na cuestión da lingua a estratexia de exclusión revestiu-se historicamente de traxes diferentes, usou de tácticas distintas, acompasadas ao tempo político e social correspondente.

Tal tentativa uniformizadora, a despeito do que proclama, **precisa** ineludiblemente do *Outro* para se afirmar e se reafirmar constantemente. É o seu drama: depender, para a marcare do territorio, para se definir, do elemento subordinado: o amo, do criado; o patrón, da obreira; o machismo e a misoxinia, das mulleres, obviamente; o colonizador, do colonizado; o español, dos “dialectos”–“lenguas vernáculos”–“lenguas autonómicas” (!), en sumario tránsito terminolóxico dos trescentos últimos anos... Mudanzas terminolóxicas debedoras mesmamente da utilización de tácticas diferentes, como xa dixemos, en función do *tempo* histórico e das necesidades do propio sistema. Por suposto, tamén, en función da posición do elemento subordinado: da súa loita, do seu “asomar a cabeza”, da súa emerxencia como ser humano socialmente circulante, do avance, en fin, das súas aspiracións. É aquí xustamente onde o dominante vai usar con toda

a naturalidade, con todo o descaro ou con todo o cinismo, dos ataques de que se valeu para exercer o dominio, non para auto-definirse, senón para caracterizar o elemento dominado. É por aquí por onde se abre paso a burda denuncia de que o “feminismo” non debe suplantar o “machismo”, como se ambos fosen entidades equivalentes; por onde se introduce a especie de que unha “imposición” non debe ser substituída por outra; por onde se cualifica como “revanchismo” a tentativa de restaurar unha mínima existencia agredida...

Todo isto é o que se está a vivir a propósito dun debate lingüístico inzado de preconceitos, falsidades históricas, deformación absoluta da verdade dos feitos e un histérico ronsel acompañante. *Nihil novum sub sole*: o vello desprezo do vencedor para co vencido; a súa animalización ou cousificación brutal; a invención fantasiosa de violencias para xustificaren a que si se exerce con todos os medios por parte de quen as denuncia... Por isto reza así a seguinte epígrafe:

1. O REINO DA MENTIRA E DA FALSIFICACIÓN HISTÓRICA

Non son atributos grandilocuentes, senón puras definicións dunha ofensiva neorracista que, no presente, ten detrás entidades como:

- a FAES (“Fundación para el análisis y los estudios sociales”), fundación española vinculada organicamente ao Partido Popular, que recibe cuantioso financiamento público (catro millóns de euros, na última partida), con sucursais galegas como “Galicia Bilingüe”, para asegurar o concurso do elemento nativo, a cuña da mesma madeira...;
- xornais como *El Mundo*, *ABC*, *La Razón* (e non só...), emisoras de radio como a COPE, que funcionan como arietes do ataque, como armas de destrución masiva, nun exercicio de invención delirante dun escenario lingüístico pretensamente atacante para o español e de dominio das outras linguas;
- elementos do ámbito académico ou intelectual, pertencen ou non á Real Academia Española, sexan ou non do campo lingüístico ou filolóxico: desde un profesor de lingua

e literatura española, como Andrés Freire, até “filósofos” (!) como Fernando Savater, que pontifica, neste caso nas páxinas do outro pólo mediático español, *El País*, sobre a necesidade dunha lingua única (a súa, claro está) e lamenta amargamente a diversidade selvática que reina no planeta nesta materia¹;

- no espectro político español, todo o apuntado é pantalla directa do Partido Popular e, así mesmo, representa tamén os intereses ideolóxico-políticos de boa parte do PSOE e de *tutti quanti* fan profisión de fe do españolismo como irrenunciábel bandeira política, nunha sorte de xogo a dous (o policía “bon” e o “mau”), onde pode haber conxunción de afinidades e de aspiracións últimas a respecto do tema da lingua.

Tema que se lles apresenta, que reaparece, unha e outra vez, cal *mancha* de imposíbel disolución, como *negritude* imposíbel de branquexar, e que orixina, a cada paso con máis histeria, solucións abertamente totalitarias, arrasadoras, de destrución directa. Boa proba do nada ornamental ou decorativo que é o tema

1 SAVATER, Fernando: “Lamento por Babel”, *El País*, 26 de Maio de 2009. O escritor deplora a existencia de tantas linguas no mundo e amosa o seu acordo coa interpretación bíblica do mito de Babel. A escalada de valoracións negativas sobre a pluralidade lingüística chega a triunfar definitivamente cando se acumulan asneiras sobre o que, segundo o afervorado españolista, debiera ser o corolario lóxico dos partidarios de Babel, que, na súa opinión, “deberían llegar hasta el final y admitir que lo mejor sería que cada uno tuviésemos nuestro propio lenguaje: el idiolecto, es decir, la lengua monocomprensiva del perfecto idiota (en el sentido etimológico del término)”. Vese que o conspicuo intelectual orgánico do españolismo militante non tivo tempo de ler, por exemplo, unha Brigitte Schlieben-Lange: “[la noción de idiolecto] en el fondo es una monstruosidad: a) porque la lengua del individuo no es precisamente homogénea, sino que participa de diferentes subsistemas; b) porque el individuo en la comunicación con otros está continuamente cambiando sus hábitos lingüísticos” (SCHLIEBEN-LANGE, Brigitte: *Iniciación a la sociolingüística*, Madrid, ed. Gredos, 1977, p. 39). Claro que tamén cumpriría lembrar como a lingua en abstracto non existe; forma parte da esencia da linguaxe o revestirse de concretizacións históricas determinadas, mais con posicións como as do automeado filósofo sería de certo tempo perdido. Os achados sociolóxicos que nos agasalla son prodixiosos, á par que cínicos: “Las lenguas no sufren por dejar de ser habladas, pero en cambio hay muchas personas que padecen si por razones de arqueología se les intenta mantener hablando la que menos les conviene...”. Nen o *abbé Grégoire*, nos delirios arrasadoramente *francisants* e lingüicidas da Revolución Francesa, o que chamaba “farrapos medievais” a linguas como o bretón, o basco ou o corso, chegaría a tanto...

e de como, nesta lóxica debeladora, o símbolo lingüístico, como marca diferencial, cobra a maior importancia, sobre de todo, cando abandona o mundo das marxes, rompe o confinamento periférico admitido (conmemoracións culturais; doses de literatura; ensino improdutivo; rituais redundantes...) e se adentra no uso *normal*, isto é, no uso pragmático que define e caracteriza a utilización ubicua do español.

A táctica de que se dota a declaración aberta de hostilidades para coa lingua galega viaxa desde este *desideratum* de eliminación total até a defensa do *bilingüismo* nominal, defensa que se concentra sempre na denuncia do aparecemento do galego, nunha procura con lupa que recorda a vella persecución inquisitorial de conversos ou cristiáns novos ou a de herexes ou heterodoxos na Contrarreforma. Como se ve, antecedentes *ilustres* dunha vella represión...

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS (E HISTÉRICOS) DA IMPOSICIÓN DO ESPAÑOL

Tense dito e escrito *ad nauseam* que a marxinação da lingua galega se produce moito antes *de facto* que *de iure*, por mor dunha derrota política *manu militari* que abre a historia da Idade Moderna na Galiza. Abonda a imposición de facto do castellano na documentación oficial, nas escrituras notariais, nos textos eclesiásticos non escritos en latín..., para que, *à rebours* da utilización masiva da lingua galega na Galiza, se plante a semente da discordia: a imposición sen paliativos da lingua da monarquía dominadora e da povoación que a ten como lingua propia. Limitada en principio a estes usos funcionariais, o seu imperio ampliarase progresivamente a cada vez máis ámbitos do mundo social e público, a medida que os poderes do Estado amplían o seu radio de influencia e multiplican as súas axencias (escola, Exército obrigatorio, presión fiscal...), nunha socialización da españolización que a fai masiva e non só reducida á aristocracia-fidalguía galega aspirante a ou merecente de cargos outorgados desde a monarquía española e ao seu servizo: vires, embaixadores, bispos, confesores de monarcas, eruditos, ministros... Tal asimilación prodúcese por ósmose forzosa, non por cohabitación harmoniosa.

Cando a dinastía borbónica que inaugura o século XVIII releva os Austrias, coñeceremos lexislación lingüística específica, en coherencia con outras disposicións unitaristas que se adoptan. Trátase de impor a unidade de lingua, a unidade de moeda (para facilitación do comercio) e a unidade xurisdiccional en todos os territorios dependentes da monarquía, con especial mención na altura a Cataluña, vencida nos primeiros anos do século. Tal imposición *de iure* recaí, en nós, como xa se dixo, sobre unha imposición de facto: chove sobre mollado, que diría o refrán... O unitarismo, o uniformismo españolizador quer cerrar os seus círculos: Altar e Trono (relixión católica como única permitida, monarquía como única forma de goberno) co complemento *moderno* das outras medidas citadas.

Todo o XVIII e todo o XIX abundan en lexislación española *ad hoc*, sinal elocuente da existencia mesma de linguas (non restos arqueolóxicos) que non son o español, que existen e se usan. O prohibicionismo continuado só ten sentido porque o vetado continúa a producirse. E ela, esta lexislación, vai ser mesmamente unha das recorrencias do Estado moderno, que amplía a súa acción punitiva e impositiva a campos fundamentais como o ensino ou o teatro, isto é, a interaccións con receptor masivo e onde a carga ideoloxizadora e moral era visíbel. É agora cando comeza a se repetir teimosamente a noción de “lengua nacional” ou de “lengua común”, por moito que xa no setecentos se xustificase a imposición do español apelando á “armonía” e ao “enlace recíproco” entre os diferentes reinos da monarquía. Os exemplos que poderíamos aducir encherían moitas páxinas. Limitarémonos a escolmar só un par deles:

Es sensible que no todos los españoles conozcan el idioma nacional; pero es un hecho innegable respecto al cual no cabe hacer más que una constante propaganda encaminada a extender el conocimiento de la lengua oficial, evitando que en las Escuelas del Estado se enseñe otro idioma que el español, no permitiendo textos escritos en ningún dialecto, como libros de enseñanza, y adoptándose por las autoridades las medidas que se han adoptado al efec-

to, y que aplicará este Gobierno como las han aplicado todos los anteriores Gobiernos de España².

Los Maestros y Maestras de instrucción primaria que enseñasen á sus discípulos la doctrina cristiana ú otra cualquiera materia en un idioma ó dialecto que no sea la lengua castellana, serán castigados por primera vez con amonestación por parte del Inspector provincial de primera enseñanza, quien dará cuenta del hecho al Ministerio del ramo; y si reincidiesen, después de haber sufrido una amonestación, serán separados del Magisterio oficial, perdiendo cuantos derechos les reconoce la ley³.

O que a ditadura franquista fai ao respeito é reforzar e actualizar unha política represiva que afunde as súas raíces moito atrás no tempo, como se ve, liquidando *manu militari* caisquer medidas aperturistas ou simplemente concesivas que contemplara o rexime anterior, a segunda república española e os Estatutos de Autonomía que permitira promulgar. Sen eufemismos de nengún tipo, o rexime ditatorial define o que é a “lengua común: una patria, una lengua, una espada”, como nos inicios do XVIII. Ora ben, cando se di, a nivel vulgar ou a nivel académico, que o franquismo prohibiu o galego, axiña se debera pontualizar que sendo real e ben contundente o veto para calquer uso público, oficial ou socialmente visíbel / audíbel do mesmo, non tivo a menor necesidade de o prohibir nos ámbitos, lugares e interaccións que marcaban a súa inferioridade. Xustamente a *superioridade* do español precisaba como contraste estilístico-clasista do “dialecto” rústico, aldeano, paiolo... para reforzar o seu papel de único idioma con dereitos de circulación social e existencia oficial. Este *bilingüismo* (por certo, con porcentaxes de conservación do galego como primeira lingua moitísimo máis altas que hoxe) non facía mal nengún ao rexime nen ao sistema. Co tempo, a maquinaria da asimilación redobrou

2 Ministro de Gobernación, Eduardo Dato: *Diario de Sesiones del Senado*, nº 111, 1900, p. 2.046. Vid. FERRER i GIRONÈS, Francesc: *La persecució política de la llengua catalana. Història de les mesures preses contra el seu ús des de la Nova Planta fins avui*, Edicions 62, Barcelona, 5ª ed., 1986.

3 Real Decreto, 1902. Vid. Ferrer i Gironès, *op. cit.*, p. 95.

a súa presión e a absorción de falantes do galego polo español foi incesante. De aquí provimos.

3. A VERDADEIRA FACE DO BILINGÜISMO

Se por bilingüismo se entender, puerilmente, a simples presenza ou existencia de dúas linguas no mesmo territorio e na mesma sociedade, daquela cumprirá concluír, do mesmo xeito estulto, que *bilingüismo* haino na Galiza desde hai varios centos de anos. Se o prefixo bi- se interpretar como indicador de igualdade ou de equivalencia, entón se precipitará unha enxurrada de preguntas que a historia non falsificada e mais a socioloxía deberán responder: ¿en qué *arcadia* e en qué momento histórico existiu tal igualdade?; ¿como e cando se *rompeu* a idílica cohabitación?; ¿como se explica o avance sostido do español e o retroceso do galego?

Naturalmente, os primeiros en saberen da falsía destes presupostos son os abandeirados –hoxe (onte, ferreños impositores do idioma único)– do bilingüismo como arma oportunista contra a mínima presenza do galego nun lugar simbolicamente (e só simbolicamente) equivalente ao español, isto é, nunha posición de equivalencia *bilingüe*.

É a continuación da vella estratexia excluyente e absolutista a que se disfarza, en ocasións, de tácticas eufemísticas. Cando se produce con toda clareza, a apoteose da mentira e do dominio imperial brillan en todo o seu esplendor:

X. L. *¿España tiene un Estado residual?*

José María Aznar. *Sí, España está en una situación de Estado residual y, por tanto, hay que recomponer el Estado. Si las comunidades autónomas se declaran propietarias de los ríos y el agua no se puede tocar y los temas de Educación no se pueden tocar y la Historia no tiene pautas comunes y la lengua no se puede enseñar... se produce lo que algunos llaman “desvertebración” y otros, “decentrifugación”. Por eso, la actual crisis española no es sólo económica; es una crisis económica añadida a una crisis política de fuerte contenido institucional⁴.*

4 Entrevista a J. Mª Aznar en *XL Semanal*, nº 1.122, 26 de Abril de 2009.

Semellante labazada de realismo imperial, montada, iso si, na fraude dos feitos, reaviva os vellos lemas do españolismo máis directo, o baseado no dereito de propiedade –guerra ou conquista mediante– de terras, bens e institucións. Esta é a face verdadeira do que, en táctica camufladora (“Galicia bilingüe”), usa do *bilingüismo* como eufemismo. Eufemismo que se fai acompañar doutros cuxa semántica denotativa cumprirá desvendar e que forman parte tamén do arsenal do engano e da manipulación de mentes e de vontades.

4. BREVE GLOSARIO DE VOCES E FRASES PROSTITUÍDAS

Conflito (ou conflito lingüístico).- Comezamos pola noción máis deturpada na súa orixinal definición científica (sociolóxica ou sociolingüística). Nunca houbo problema, nunca houbo conflito entre o galego e o castelán, e por tanto nunca debe habelo no presente nen no futuro, repeten até a saciedade os propagandistas da parálise desnormalizadora, do bilingüismo de comenencia, os partidarios do *statu quo* abertamente diglósico e desigualitario. Claro está que para que non haxa *problema*, cómpre inmovilizar e acalar a vítima dese problema. En non o habendo, non se precisa terapia nen discutir sobre ela. Até sobrarían preceitos legais que apontan timidamente solucións ao tal problema. Esta necidade vulgarizouse no sentido de a ecuacionar con convivio posíbel, cousa que ninguén discute e que, de bon grado ou á forza, todo o mundo practica, agás mesmamente os que negan o tal conflito.

Na verdade, e apelándonos á autoridade de Rafael Ninyoles, recordaremos a súa significación verdadeira e a desembocadura do mesmo, quer no río da normalidade recobrada, quer no río do esquecemento, isto é, da perda da lingua por asimilación:

A palabra “conflito” suxire habitualmente a idea dun antagonismo algo violento, dunha disputa enérxica, dun enfrontamento expreso. Este uso do termo é, non obstante, excesivamente particular, xa que só determina unha das formas que realmente adoptan os conflitos: a forma expresa e habitualmente consciente [...]. No senso co que nós desexamos utilizar este termo hai que designar funda-

mentalmente “calquera relación de elementos que poden ser caracterizados por unha oposición de tipo obxectivo (“latente”) ou subxectivo (“manifesto”), na cal a oposición entre os elementos concorrentes pode ser consciente ou simplemente deducida, querida ou imposta polas circunstancias.

[...]

Ao falarmos de conflito lingüístico tratamos un caso específico de conflito social en que as diferenzas idiomáticas poden converterse en símbolo fundamental de oposición [...]. O fenómeno soe subxacer nos procesos de bilingüismo substitutivo ou diglósico e os seus obxectivos finais son a asimilación á lingua en posición de vantaxe ou ben a normalización. É razoábel, xa que logo, pretender que, para alén das inquiredanzas persoais e das accións ou omisións biográficas, o problema sexa de interese público⁵.

Porque é de interese público, é polo que existen lexislacións e políticas *ad hoc*. Sendo claras as dúas posíbeis solucións do conflito, por desaparición da lingua galega ou, contrariamente, pola súa normalización, todo xuízo a aquelas leis e políticas só se poderá facer desde a lóxica de preguntármonos a que contribúen: a favoreceren a paulatina recuperación da lingua ou a impulsaren, por activa ou por pasiva, a súa liquidación. Non hai termos medios.

Imposición.- Aplícase unilateralmente á instalación parcial e minoritaria do galego, nunca á real hipertrofia do español. Segundo esta tese, o galego non debe *impoñerse*, senón asentarse por persuasión e con amabilidade... Na verdade, a imposición-*verité* resérvase para o que a exerce por toda a parte, o idioma oficial do Estado. Mais aclaremos algún outro aspecto do substantivo.

En primeiro lugar, e como principio xeral, a chamada imposición forma parte ineludíbel da socialización do individuo e da súa educación primeira. Impónsenos un nome; impónsenos pautas de comportamento e de circulación social, desde

⁵ Vid. NINYOLES, Rafael Lluís: *Idioma e poder social* [tradución ao galego do orixinal de 1972], ed. Laidovento, Santiago de Compostela, 2005, pp. 30-31.

o aprendizado a sermos bípedos até o control dos esfínteres, pasando por normas de hixiene ou de mínimo respeito á liberdade dos demais. Imponse, por suposto, unha lingua dada, sen consulta de nengún tipo a quen non pode, obviamente, respondela nen escoller. Tal imposición non provén só do núcleo ou círculo familiar máis próximo ou íntimo, senón da primeira rede que define e fixa a lingua inicial do individuo: sexa unha, a lingua da comunidade a que pertence; sexan dúas, en recepción cuantitativa e cualitativamente desigual, nunha fixación de regras e pautas diglósicas que desde moi cedo se aprehenden e reproducen. A primeira das situacións descritas correspóndese coa dunha lingua normal e desenvolvida en condicións de normalidade, isto é, nun *continuum* entre o privado e o público, o íntimo e o social, o familiar e o institucional, o oral e o escrito, o primario e o secundario, en definitiva. A segunda das situacións descritas correspóndese, por exemplo, coa nosa sincronía actual, en virtude da cal imponse o *mando en praza* do español e a *naturalidade* do confinamento do galego. Ela si que é unha verdadeira imposición: a que dá por natural e incontrovertíbel o imperio do español e, correlativamente, a subterranidade, a subordinación do galego.

En segundo lugar, a confusión é basta do punto de vista puramente gramatical: confúndese deliberadamente “impoñer” con “poñer”. Porque o que até agora se fixo non foi máis que “poñer” o galego, minimamente, en certos lugares de uso público ou oficial, moito máis como presenza simbólica que como real en toda a extensión do termo. A chamada “imposición”, logo, non faría máis que cumprir un dos benéficos principios do bilingüismo e da cooficialidade que o sanciona legalmente: conceder igualdade simbólica aos dous idiomas.

En terceiro lugar, a imposición real de calquer lingua realízase polo peso e presión social e pública que ela é capaz de exercer. O uso individual sempre vai estar condicionado polos emisores lingüísticos (a súa cantidade, a súa potencia) e pola magnitude e mais a intensidade da súa emisión. Actúan á maneira de imán que atrapa este uso individual e o condiciona.

En suma, o modelo lingüístico español aparece, na Galiza, por toda a parte. O modelo lingüístico galego hai que o procurar

con lupa, fóra de certos e escasos lugares consabidos. O español é **obxecto de emulación**; o galego aínda ten de conquistar esta condición. Nestas circunstancias, ullo, o bilingüismo?

Bilingüismo.- Mesmamente, o corpo do delito... Como caracterizador dunha capacidade individual, reférese á competencia que pode desenvolver unha persoa en dúas ou máis linguas de forma equivalente, por as ter recibido desde a infancia ou por aprendizado posterior (de tipo profesional, por exemplo). Esta caracterización individual en absoluto é extrapolábel a un uso colectivo, a unha sociedade no seu conxunto. Cómpre aclarar, en primeiro lugar, que o *natural*, en calquer comunidade que poda desenvolver a súa vida en condicións normais, é a posesión dunha lingua, a súa, apta para caisquer cometidos e en proceso de adaptación continua a novas necesidades comunicativas, expresivas, técnicas, estéticas, científicas, etc. O monolingüismo non é unha cualidade de alto patriotismo, senón inherente á propia natureza da lingua, rexida polo principio de economía, con capacidade autónoma de conceptualizar e de autorrenovación constante. A unión de significado e de significante, no signo lingüístico, é unha **unión necesaria e suficiente**.

Non hai, por suposto, linguas superiores e linguas inferiores, neste sentido, en nome do cal unha das segundas precisase da tutela comprensiva dunha das primeiras. Todas, en esencia, son iguais na súa potencia, nas súas capacidades: non unhas máis aptas para certas funcións e outras menos preparadas... Unha outra cousa é a oportunidade histórica, social e política que moitas linguas no mundo tiveron para póren en acto esta potencia, isto é, para desenvolveren todas as súas aptitudes posíbeis. Mais isto non pertence á lingua en sentido estrito senón ás condicións particulares en que a sociedade que a posúe pode, libremente ou non, desenvolvela. Non é a **soberanía lingüística** independente, en absoluto, da *liberdade de expresión* noutros campos: a economía, a (in)dependencia política, a capacidade de xerar ou non información propia, o comportamento dos medios de comunicación, da Xustiza ou da institución eclesiástica... son factores decisivos á hora de poder manter a propia lingua en condicións de estabilidade normal ou ben, contrariamente, vela submetida

á presión da lingua que representa os resortes do poder económico-político.

Se saírmos do noso caso e contemplarmos outros a nivel mundial, observaremos como desta dependencia económico-política deriva, case diríamos deterministamente, a dependencia lingüística: o *spanGLISH*, por exemplo, a mistura de español e inglés de Puerto Rico ou outros países americanos, é o correlato perfecto da satelización deste Estado Libre Asociado verbo dos USA. Falarmos aquí de bilingüismo sería unha ofensa para o español, descompensado inteiramente a respeito do inglés. Cabe falar dun bilingüismo decretado oficialmente en Bruxelas, capital de Bélxica, co flamengo e o francés de parceiros legais, mais este bilingüismo legal-oficial non se corresponde en absoluto cun bilingüismo real na sociedade belga, escindida en dúas comunidades lingüísticas diferenciadas: a francófona e a de lingua flamenga ou neerlandesa, con, hoxe en día, absorción de falantes da primeira á segunda, mais non á inversa. Non hai, tamén non, bilingüismo, no sentido idealmente igual e igualitarista, entre francés e inglés no Quebec, por exemplo: son moitos máis os francófonos que *deben* saber inglés que os anglófonos que se permiten coñecer o francés. É a lei da necesidade ou da necesariedade, non o deseño dun feliz e beatífico intercambio igualitario. Aos miles de turistas anglofalantes ou alemánfalantes das illas Canarias ou do Algarve non lles cómpre para nada saberen español ou portugués, respectivamente: teñen, nos seus idiomas todas as prestacións posíbeis (“bilingüismo” desnecesario). O imperio do inglés, a nivel mundial, non obedece obviamente a nengunha cualidade interna á propia lingua ou a nengunha deficiencia dos centos de linguas planetarias, senón que se debe a un imperio económico-político-militar que ten nos USA o seu estandarte maior e na Unión Europea a súa colaboradora necesaria.

Unha outra cousa é a conveniencia e avantaxes dunha lingua una de uso internacional, que moi ben pode coincidir coa que o é de facto, o inglés, mais sábese, en todo caso, que tal realidade é produto da imposición, non de nengún acordo *democrático* e en pé de igualdade: en moitos ámbitos de actuación, ou sábese inglés ou sábese inglés, o mesmo que, na nosa escala, ou sábese

español ou sábese español: a disxuntiva non é real e o “bilingüismo” fica gravemente comprometido.

De calquer maneira, se viaxarmos a países e comunidades lingüísticas onde o dominio do inglés é xeneralizado na povoación, como nos países nórdicos de Europa, comprobaremos como este dominio non asfixiou nen destrúe as linguas particulares de cada un deles, sexa o dinamarqués, o noruegués, o finés ou o sueco (por certo, o segundo e o terceiro, normalizados, respectivamente, a respeito do primeiro e do cuarto, de quen dependeron historicamente). Sarcasmo sería reputar bilingües os nosos emigrantes, que á forza da subsistencia tiveron de aprender alemán, inglés, francés ou o idioma do país de destino correspondente: como *minorías* lingüísticas non desfrutaron nunca do recoñecemento de dereitos individuais en absoluto...

Mesmo que se aceptase o adxectivo bilingüe para a caracterización da sociedade galega, é tal a descompensación de uso e distribución de usos entre galego e español típicos deste “bilingüismo” que levaría decontado aos “bilingüistas” de corazón a reclamaren insistentemente, en nome da igualdade desexada, moita máis presenza e utilización da lingua galega, que está moi lonxe de figurar nun *fifty-fifty*, nun ideal 50%-50%, irreal, por outra parte, por desnecesario. Mais debemos recordar de novo que nos estamos a mover non no terreo das verdades comprobábeis senón no dos ideoloxemas. Como tal *ideoloxema*, o bilingüismo funciona como arma atacante do elemento feble do binomio que tartufescamente proclama: é a tampa-trampa da exclusión do galego, como xa se dixo, revestida de *caritativa* inclusión e moi atenta sempre a vixiar e eliminar a presenza da lingua galega en todos os lugares *inconvenientes*, isto é, en todos os lugares e funcións onde debe reinar, monopólica e monocraticamente, a lingua española (ensino, sanidade, xustiza, medios de comunicación...).

Sobra dicir, de por parte, que o bilingüismo é pregado unilateralmente como avantaxe e necesidade para os “pobres”: os poderosos viven tan ricamente co seu monolingüismo, sen seren molestados por ignorantes ou deficientes (españóis en España; franceses na Franza; alemáns na Alemaña; anglofalantes no Reino Unido, por non saírmos do continente europeu...).

Liberdade lingüística.- Máis ben habería que a expresar na lingua en que é postulada adoito: “libertad lingüística”. Ela é reclamada pola *contra* do galego xustamente para negar o contrario do que pede: para poder, libremente, escoller algo, cumprirá que exista oferta que o permita. Nunha situación como a galega, a oferta do español está sobresaaturada e a de galego baixo mínimos. Mais se non trata dunha escolla comercial. Na realidade, calquer elección teórica aparecería contradita, na práctica, pola realidade dos feitos: é o peso obxectivo dunha lingua, a súa imposición de facto, a que conduce o individuo a se adaptar a ela. Nun meio diglósico como o galego, a *demanda* de galego, fóra da lealdade espontánea, da habitualidade dos usos primarios, depende mesmamente de que a vella naturalidade desigual se rompa e de que, evidenciado o conflito lingüístico, se abra paso a práctica consciente da lingua galega, non a rotineira ou permitida, senón a normalizadora.

“O norteamericano branco relega o negro á condición de limpabotas e deduce disto que só serve para limpar botas”. A acusación coñecida de George Bernard Shaw ao *apartheid* norteamericano é aplicábel, *mutatis mutandis*, ao sofisma a que nos estamos a referir. Durante anos e anos, impedido pola forza, pola lei e pola norma social, calquer exercicio de *liberdade* lingüística, impondo unha e outra vez a inferioridade do galego, gravando a fogo a súa asociación co desprezibel mundo da aldeia, do campo, do traballo, do atraso, da miseria..., empecendo de mil maneiras o seu mínimo aparecemento en lugares *dignos*, a mentalización dos propios utentes sobre a lingua non podía ser positiva, téndose inoculado semellantes doses de infección no corpo colectivo. Pretender que, após tan recalcitrante e penetrante campaña de desprezo e autoodio persistentemente traballado, se exerza o *libre* dereito de escolla só pode cualificarse de cinismo extremo, aquel que visa implicar as vítimas na xustificación da súa deformación, convertelas en capataces da explotación.

De por parte, e máis unha vez, estase a xogar nun terreo a-legal ou sub-legal. A leve institucionalización galega, de matriz constitucional-autonómica, monta a súa andamiaxe administrativa sobre a base de elementos distintivos, entre eles o idioma, e

sobre a base dunha **necesidade: a reparación** dun repetido agravio histórico, no tocante ao recoñecemento da personalidade peculiar da Galiza e dos seus signos. Esta é, ao menos –hipocrisías á parte–, a intención e a vontade declaradas do lexislador e mais do Executivo, que proclaman a cooficialidade da lingua galega e a legalidade do seu fomento e potenciación. Esta é a letra da lei. Adiantemos que para nada se menciona nen o bilingüismo harmónico, nen a amabilidade lingüística, nen a cordialidade idem nen a liberdade de escoller (o español, por exemplo), porque recoñecela para o galego deixaría á vista inmediatamente a falta de liberdade que existe para elexer ou non o idioma oficial do Estado, ao punto de que a Constitución vixente prescribe o **deber** de coñecemento do español para todos os cidadáns do Estado e mais o dereito universal de uso. ¿De que liberdade se fala, a partir de semellante prescrición? É obrigatorio ter o servizo militar cumprido, para o acceso a certos empregos, rezaban moitos anuncios de ofertas laborais non hai tanto tempo: ¿que liberdade cabía reclamar ás mulleres acerca dese posto de traballo?

En resumo. O uso lingüístico é condicionado, pola imposición fáctica e mais pola político-legal. É posíbel a escolla cando existe unha sobredeterminación en virtude da cal se accede ao uso consciente do idioma dominado, por querer devolverlle o que lle foi usurpado historicamente, na intelixencia de que o que na historia negativa se abaixou, na historia positiva se pode erguer de novo. É esta escolla **libre** a que se quer penalizar en nome da “liberdade lingüística”: a escolla por recompor o rosto estragado do idioma, por sentalo dignamente en calquer lugar social ou público, a que decide **libremente** elevar o galego ás funcións de prestixio e de necesidade social, a que opta por romper as asociacións empobrecedoras e reduccionistas e defende a súa asociación **libre** con caisquer usos.

Direitos lingüísticos.- É moi recente esta noción que especializa ou concreta a de dereitos humanos, adoptada pola ONU en 1948. Máis unha vez, en reviravolta cínica, un concepto que nace para a reclamación do uso de linguas prohibidas, marxinadas ou reprimidas, é agora brandido polos conspicuos impositores de linguas cuxos falantes disfrutaban folgadoamente de todos os dereitos, por activa e por pasiva, ao teren estas linguas a sobreprotec-

ción legal, institucional e material de que carecen as linguas subordinadas a elas. Cartas paralegais como a Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias, aprobada e ratificada polo Estado español, ou a Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos, tamén asumida polo mesmo, após aprobación unánime do Congreso de Deputados, xéstanse e proclámanse por unha necesidade que se conceptúa claramente democrática e pacífica: a existencia recoñecida de todas as linguas do mundo, independentemente da súa extensión ou desenvolvemento, en primeiro lugar; en segundo lugar, a instrumentación de medidas para conseguir gradualmente a normalización das que a precisan; en terceiro lugar, a corresponsabilización dos poderes públicos en tal empresa; a recordación, en fin, de como eles, os dereitos lingüísticos están umbilicalmente ligados a unha lingua dada, claro está, e, por isto, están selados por unha realidade colectiva, non individual nen familiar.

Unha andoriña non fai verán: un individuo non fai unha lingua. Non hai linguas robinsónicas, porque elas nacen dunha necesidade de socialización ínsita á especie humana, que (sobre)vive grazas á cooperación e ao traballo, tecido onde a facultade da linguaxe-pensamento pousa para permitir e facilitar aquela socialización. Tan social é a fala como a lingua: a primeira é posíbel se existir competencia na segunda e esta, a competencia, adquirese socialmente e só socialmente, non por ningún coñecemento infuso ou conxénito.

De por parte, a noción de dereito lingüístico convoca inmediatamente a existencia dun aparato administrativo, duns poderes públicos que o establezan e garantan. Do contrario, posúe só un valor declarativo, sen eficacia normativa. Xa falamos antes dun dereito universal recoñecido constitucionalmente para o idioma oficial do Estado, o español. Reincidir na demanda do exercicio dun dereito dogmáticamente recoñecido, sen fenda nengunha, supón redundancia chauvinista ou, como é o noso caso, intento de neutralizar ou de aniquilar o dereito de uso da lingua galega, que din amparar e protexer as leis vixentes.

Nunha outra manobra de consumación desmanteladora, asistimos nestas datas á entrega dun inquerito a nais-pais de pequenos-as en idade escolar (ensino infantil, primario, secundario e

formación profesional), por parte das autoridades educativas da Xunta de Galiza, en que se pregunta a aqueles pola súa lingua de “preferencia” para as materias troncais, libros de texto e outros materiais didácticos, as probas orais e escritas e, mesmo, a lingua en que “preferirían” que o pequeno aprendese a ler e a escribir. O degrau de violentación da realidade acada aquí extremos apoteósicos. É sabido e está máis que comprobado que a escola segue a funcionar, en termos xerais, como unha máquina de desgaleguización. Após máis de vinte e cinco anos de existencia no curriculum escolar obrigatorio da materia de lingua e de literatura galega, non aumentou nen o número de utentes da primeira nen de lectores da segunda ou, ao menos, non se rexistrou o avance esperábel do que, no comezo da Comunidade Autónoma, se proclamaba, por parte dos seus propagandistas, como remedio mirífico para os problemas da lingua galega. Neste panorama, demandar dos pais que *libremente* escollan a disolución da lingua galega, porque, previa e concienzudamente, foron aprendidos e aleccionados para erradicala e para *educar* os seus fillos no furto do galego e na necesidade forzosa de instalación no español, raia na prevaricación, porque, aliás, a lexislación vixente (en concreto, desde a Lei de Normalización Lingüística, de 1983), proclama claramente o principio de **universalidade da oferta educativa** e, por tanto, condena implicitamente a segregación de alumnos por razón de lingua.

Este principio non segregacionista, que garante teoricamente o mesmo ensino público, independentemente do lugar de nacemento, clase social, lingua inicial, posibilidades económicas ou outras variábeis, é xustamente un dos acertos salvábeis dunha lexislación tan lasa e cativa en grande parte do seu articulado, polo que a Xunta de Galiza actual colócase, sen máis, na posición ilegal ou ante-legal se a contemplamos desde o tempo anterior á súa propia existencia (Decreto de Bilingüismo, por exemplo, de 1979, ditado polo goberno español).

5. Comentaremos brevemente a semántica de dúas nocións de abundante utilización eufemística: **diversidade lingüística** e **plurilingüismo**, que no vocabulario oficial son a miúdo usadas como compensación retórica, declarativa, de políticas nada ou moi pouco respeitosas da pluralidade e da diversidade reais.

A primeira, a diversidade (Europa = mosaico de linguas, por exemplo) postúlase como unha riqueza a ter en conta nunha política democrática, cando, na realidade, a tal diversidade (Babel) é ínsita á propia especie humana e á súa evolución no planeta terra. Non é, pois, adxectivo: é substantiva. O sol aluma o mesmo en toda a terra e fai negros en África e brancos en Europa (e aínda ten poder bastante para facer negros na Galiza...), afirmaba Castela. A linguaxe, facultade común a todos os humanos, concrétese non na lingua senón nas linguas, tantas como sociedades ou grupos humanos diferenciados, tantas como a experiencia social e cultural callou ou cristalizou de forma diferente. A materia humana, nunha perspectiva antirracista, é idéntica; as formas lingüísticas, múltiples e convivíbeis nun esquema de paz e respecto mutuo. *Tolerar* comprensivamente a diversidade, añorando no fondo a uniformidade, non é bon método no camiño do realismo e do pacifismo, por tanto, na esteira dunha outra orde mundial, horizontal, baseada desde a raíz no recoñecemento da diferenza como garante da igualdade.

Outro tanto acontece coa noción de plurilingüismo. No seu significado denotativo, fai referencia a unha realidade humana variada e múltipla: os miles de linguas que no mundo existen (ou subsisten, en moitos casos, ou resisten...). Estamos, por conseguinte, ante unha caracterización epítética da humanidade (como no caso da sociolingüística, onde o primeiro lexema é epíteto do segundo). Mais, con alta frecuencia, o apelo ao plurilingüismo, nos nosos días e, sobre todo en voceiros oficiais (políticos ou académicos), faise como eufemismo do bilingüismo e como relaxador do conflito lingüístico. Face a unha real oposición a dous (galego / español), postúlanse as bondades do plurilingüismo como posesión individual, en virtude do cal o *desideratum* para todos os humanos sería dispórmonos alegremente a falarmos e practicarmos tres idiomas como mínimo e así conquistarmos a felicidade universal. Cómpre aclarar xa que a noción de plurilingüismo sofre unha rebaixa considerábel cando se pon nome e apelidos ás linguas: nun abano que vai do inglés ao alemán, pasando polo francés e polo italiano, como moito (para xustificar a omisión do portugués, recórdase que é parecido de máis ao galego; para lle conceder a este carácter

internacional, omítese o portugués, co cal, a despeito de todas as proximidades xenéticas e tipolóxicas e a despeito de todas as conveniencias, non existe).

Plurilingüismo, a estes efectos e con esta intencionalidade, tradúcese na práctica nun podio a tres, debidamente xerarquizados os postos: o ouro e a prata intercambiábeis entre o inglés e o español e o bronce (por non dicermos a folla de lata) para o galego. Esquema que recorda vivamente (aínda que desagrada aos seus mentores) a escala perfectamente definida da lexislación educativa franquista, con senllos termos delatores, por profundamente elocuentes: **dominio** da “lengua nacional” (o español); **aprendizado** dunha lingua estranxeira (o francés e, xa no tardofranquismo, a raíz da promulgación da “Ley General de Educación” ou Lei Villar Palasí, en 1970, o inglés); **cultivo** (optativo, claro está e limitadísimo) da “lengua vernácula” (etimoloxicamente, da lingua escrava, vaia por Deus!). O dominio é imperativo (onte, coma hoxe, por certo); o aprendizado é conveniente e o cultivo é, como moito, recomendábel, mais nunca prescriptivo, claro está...

Estamos, pois, ante un artificio que confunde: 1º) a problemática verdadeira da lingua precisada de políticas e prácticas normalizadoras, no noso caso o galego, que sofre adoito a erosión producida polo español; 2º) a real dicotomía que existe na sociedade galega, escindida entre manter ou renunciar ao idioma nativo (entre “paxaro” e “pájaro”, non entre estes e “bird”; 3º) o papel de reforzo do español que xoga o inglés, non o papel de interlocutor horizontal do galego; 4º) confúndese, en fin, a conveniencia, avantaxes, prestacións, bondades... do aprendizado e dominio do inglés coa súa necesariedade na vida cotidiana, para alén de todo o que neste idioma nos vén imposto, sen consulta de nengunha clase, por suposto...

A pregunta útil sáinos ao paso: ¿para que? Dígase para que resulta útil e proveitoso sabermos “idiomas”: cais, cantos, con que visitas posíbeis aos países onde eles se falan, para gañarmos ou non máis diñeiro, para entendérmonos mellor con outras persoas, para termos que emigrar, para podermos ler e coñecer algo das culturas respectivas, para déixarmonos colonizar máis e mellor..., mais dígase sen trapelas para que, con que finalidade

benéfica ou perversa, con que intencións progresivas ou asimilistas... E non se confunda –reiterámolo– verbo do problema concreto, cotidiano, empírico, que vivemos: galego si ou non; onde; con quen; para que; na aldea só ou nela, na vila e na cidade; para beber no bar ou para ser atendida-o polo médico; coa viciña ou no Xulgado e na Igrexa... Etcétera. Eis o dilema, eis o problema, non a discusión capciosa de se nos convén ou non ampliar o noso *capital* lingüístico. Dígase tamén, de paso, cantos postos de traballo, canto aumento salarial ou cantos ascensos profesionais se conseguen grazas á posesión indiscutida do español...

Verbo doutras entidades psíquico-anímicas que se utilizan para adxectivar o uso do galego (non o do español, por certo), do estilo “cordialidade”, “amabilidade”, “cortesía”..., diremos só, moi amabelmente, iso si, que pertencen a unha outra orde conceptual. A lingua, simplemente, úsase ou non se usa. Calquera. Pode ser amabelmente ou displicentemente; cortésmente ou airadamente; con simpatía ou con desagrado. Mais esta caracterización psicolóxica ou empática non elude nen soluciona a pregunta fundamental: se ela é utilizada ou non, en que ocasións e con que responsabilidade pública, isto é, con que mínimo respecto á legalidade vixente e á realidade que xustifica este cuadro legal. Realidade histórica, cultural, social, non capricho duns voluntaristas galegófilos.

Concluimos, moi á galega, claro está, con dúas preguntas. A primeira é a clásica do xénero policial ou detectivesco: *cui prodest?*; ¿a quen aproveita confusión e deformacións como as que tentamos describer? A segunda vai dirixida, inevitabelmente, ao futuro: ¿el será posíbel algún día conseguir que o legal sexa leal, isto é, que se igualem os dous membros do dobrete que partillan étimo común, que a lei e os seus executantes sexan, antes de máis, leais co país a que se deben?